


Un lugar para a memoria



Os campus que a Universidade da Coruña desfruta no val de Elviña atesouran unha historia multisecular. O espazo que agora ocupamos conserva a súa memoria con ducias de nomes que identifican cada recuncho. Este universo nomeado é un legado que nos foi transmitido oralmente polas veciñas e veciños que viviron e traballaron esta terra, denominada Elviña desde a Idade Media. Agora nós, que somos os novos habitantes deste lugar, temos a responsabilidade de preservar a devandita memoria.

Un campus nomeado bebe do traballo de **Ana Filgueiras Rei** publicado pola UDC baixo o título **O val de Elviña, a identidade cultural na memoria**, e honra a memoria da xente de Elviña que nos legou os seus nomes de lugar.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UDC.GAL/CAMPUSNOMEADO